Dicho esto podríamos preguntarnos ¿Porque vemos los satélites de noche si no llevan luz? La luz que proyectan los satélites, son reflejo de los rayos del sol, contra las partes metálicas del satélite, a veces esta luz es continua o discontinua según se mueve, es como cuando vemos un avión, en determinados momentos,

con el brillo de los rayos del sol, solo podemos ver un ala, la otra queda protegida por la sombra del propio avión.



Avion sobre la Ria de Vigo

Es por ello que las visualizaciones de satélite se producen en las dos primeras horas de la puesta de sol y en las dos antes del amanecer.

A veces ocurre, que estamos observando la órbita de un satélite y que sin que lo apreciemos entra en una zona sombría y dejamos de verlo, si en ese momento se produce un cruce con otro satélite que viene en dirección contraria al que no veíamos porque cruzaba también la zona sombría y que se hace visible en ese momento, podemos pensar que el que estábamos siguiendo había girado sobre sí mismo o formado un ángulo, dando paso a creer, que está viendo un “platillo volante” con altas capacidades para cambiar de dirección. Cuando en realidad todo fue un efecto óptico por un cúmulo de casualidades y el resto es fruto de nuestra imaginación.

No soy negacionista respeto a que pueda o no, haber vida extraterrestre, pero si estoy convencido que en la mayoría de los casos de avistamientos de luces en el cielo, no deja de tener su origen primitivo en la mano del hombre.

El tema OVNI, dio mucho que hablar, asociándolo a fenómenos paranormales, ocurridos en distintos puntos del planeta y que se atribuyen a elementos procedentes del exterior, con halo de misterio y a la vez de sospecha, alentada por formar parte de documentos secretos custodiados por las Fuerzas Armadas de los distintos países. Algunos de estos documentos con el tiempo perdieron la calificación de “Secreto” y se dan a conocer en parte o en su integridad.

Si una zona del mundo destaca por el número de fenómenos cuando menos paranormales, relacionados con desapariciones, avistamientos y que afectaron sobre todo a barcos y aviones es el famoso “Triangulo imaginario de las Bermudas” cuyos vértices son: Puerto

Rico – Miami - Islas Bermudas. Es un lugar donde se registraron y todavía se registran, muchos incidentes, pero es también cierto, que es una zona con proliferación de tormentas con borrascas profundas, tifones y huracanes y otros fenómenos atmosféricos que causan muchos accidentes, a veces se registran olas gigantes de incluso treinta metros de altura.


El mito del Triángulo de las Bermudas se produjo gracias a Charles Berlitz. Este escritor norteamericano nacido en Nueva York el 20 de noviembre de 1914 y fallecido en Florida el 18 de diciembre de 2003, escribía algunos libros con más o menos éxito. Pero la misteriosa desaparición del “Vuelo 19”, le encumbró a la fama con la publicación de su libro “The Bermuda Triangle” (El Triángulo de las Bermudas), del que se vendieron miles de ejemplares y que fue traducido a varios idiomas entre ellos el español.

Desaparición del vuelo 19 y del avión de rescate.

El 6 de noviembre de 1945, una escuadrilla formada por cinco aviones torpederos-bombarderos TBM “Avenger”, comandados por el teniente Charles Carrol Taylor, despegaron de Fort Landerdale en Florida, para un vuelo que incluía un ejercicio de bombardeo real, (algunas fuentes hablan de que se realizó sobre un buque en desguace y otras sobre un peñón del mar). Alcanzado el objetivo y disponerse a regresar fue cuando emitieron un mensaje por radio indicando que se encontraban con problemas, para encontrar la orientación que los llevaría de vuelta a la Base. La torre de control les indicó que debían dirigirse al oeste. Taylor explicó que tenían dudas sobre cuál era el oeste, la cosa terminó en desastre. con la desaparición de los cinco aviones.

Según declaro en una entrevista un oficial instructor de Fort Landerdale, llamado David White, en dicha entrevista informó que Taylor y sus compañeros tenían problemas de orientación, algunos aparatos de vuelo no funcionaban correctamente. Él comunicó que decía creer estar sobre el islote de Cayos en Florida, pero incomprensiblemente en lugar de dirigirse hacia el Oeste, los radares los situaron dirigiéndose hacia el Norte, adentrándose en el Atlántico, hasta que se perdió toda comunicación con la escuadrilla.

Salió en su búsqueda un hidro-avión PBM “Mariner” con 13 tripulantes a bordo, el cual poco tiempo de izar el vuelo dejó de



El oceano encabritado



El vuelo 19

emitir señales e igualmente desapareció sin dejar rastro.

La teoría de White es que los cinco bombarderos, perdieron el rumbo y se adentraron en el mar, con unas condiciones adversas y que se estrellaron hundiéndose en el mismo, sin dejar señal en superficie, en cuanto al hidroavión de rescate, pudiera producirse una fuga en el combustible y produjo una explosión en el aire. Le preguntaron porque ningún objeto del avión se pudo recuperar, o porque en la superficie del agua no había manchas de aceite y de combustible de los seis aparatos, cuando cientos de aviones y barcos rastrearón largo tiempo la zona, pregunta a la que dijo no tener respuesta.

Algunos científicos afirman que hay varios puntos en el globo terráqueo, donde se producen ondas magnéticas que influyen en los aparatos de navegación. Los hay que van más lejos y aseguran, que, en esas zonas, dichas ondas actúan incluso sobre los cerebros de las personas. Hay infinidad de casos donde aviones transoceánicos, en un momento dado y sin explicación lógica, llegan a bajar de golpe unos 10.000 pies (3.048 metros). Teniendo en cuenta la altura de crucero a que vuelan, en la mayoría de los casos todo se achaca a una fuerte turbulencia, sin que suponga un riesgo de colisión contra el mar. Pero la cosa tendría otro cariz, si la pérdida de altura se produjese al realizar una escala intermedia o por emergencia.

Caso de posible ovni

Sin adentrarnos en los muchos avistamientos extraños en los últimos años, de los que podemos informarnos por los medios y sin salir de España, los más famosos ocurrieron en Vigo, Valencia y Tenerife, pero tenemos un caso singular y muy mediático en Ferrol, donde un objeto volante, se estrelló en el mar, hecho que investigó el Departamento Marítimo de Ferrol, contó con muchos testimonios de testigos entre ellos personal de la Armada. Fue recogido en un libro de Miguel Gacio Armendariz con el título “El OVNI de Ferrol” y diversos artículos publicados en su día por la Voz de Galicia.

Todo transcurrió en la noche del 2 de abril de 1966, poco antes de la media noche, varias personas aseguraron ver una luz azulada y blanca, sobre el entorno de la Estación

de Radio Naval de Carreira, entre los testigos, militares de guardia de dicho destacamento. La luz sobrevoló las instalaciones de Astano y Bazán, así como otras instalaciones militares de Ferrol. En un momento dado la luz se precipitó al mar en la zona de la Graña. En dicha zona se encontraba faenando el pesquero de Burela (Lugo) Reina María, quienes recogieron un trozo del aparato.



Cohete balístico DC3 en vuelo

Con la luz de la mañana, el pesquero volvió a la zona donde recogió un trozo de considerable tamaño y con un peso entorno a los doscientos kilos. Estas maniobras fueron observadas desde otro pesquero por el marinero R.P.

Los restos recogidos fueron entregados por el capitán del pesquero en la Comandancia Naval de La Coruña, que se hizo cargo de estos, pasando a formar parte de elementos clasificados.

¿Qué pudo pasar? Mi teoría es que fuese un avión espía probablemente no tripulado, precursor de los actuales drones. Que por fallo mecánico u otra índole, terminó precipitándose al mar. Hay que tener en cuenta que el primer artilugio volante no tripulado fue un globo aerostático con fines militares, que se probó en 1849. Posteriormente durante la Primera Guerra Mundial, los Estados Unidos utilizaron aviones no tripulados con fines militares, en misiones de reconocimiento e incluso de bombardeo.

En diciembre de 2021, fue lanzado al espacio en una misión conjunta de la NASA (Agencia Espacial Norteamericana), la ESA (Agencia Espacial Europea) y la CSA (Agencia Espacial Canadiense), el telescopio espacial James Web, el más potente de los lanzados al espacio, equipado con una cámara de infrarrojos con tres filtros, que en el año siguiente ya envió imágenes inéditas de Júpiter, mostrando gigantescas tormentas y vientos huracanados que asolan el planeta, pero que su función espacial va más allá, descubrir nuevas galaxias y dar respuestas a incógnitas sobre los enigmas del espacio. Tal vez un día podamos saber y dar respuesta al tema OVNI.

Hay registros de avistamientos en distintas partes del mundo, sin que haya una clarividencia total, de que la procedencia de estos tenga un origen extraterrestre.

José Victorio Moure Rivera



Praza da Leña



Praza do Teucro



SIMILITUDES Y DIFERENCIAS ENTRE LAS HILANDERAS DE DIEGO VELÁZQUEZ Y LAS DE EUGENIO LUCAS VELÁZQUEZ

Comenzaremos diciendo que, además de las diferencias puntuales, que más adelante comentaremos, existe una diferencia fundamental: el simbolismo global.

Lo haremos salvando las diferencias técnicas que separan a estos dos pintores, ya que nuestros limitados conocimientos no alcanzan para dilucidar tal cuestión.

Obra I: Diego Velázquez.

A.- La historia reflejada en el cuadro:

La obra de Diego Velázquez desde su creación en 1657 fue entendida como una obra costumbrista y conocida con el nombre de “La Real Fábrica de Tapices” o “Las Hilanderas”. No es hasta 1948 cuando se reinterpreta como una obra mitológica, en concreto, la representación pictórica de la fábula de la diosa Palas Atenea y la mortal Aracne escrita por Ovidio en su obra “La Metamorfosis”.

Aracne era la mejor tejedora de Grecia, que llegó a considerarse como poseedora de una habilidad en el arte de tejer superior a la de Palas Atenea, la diosa de la sabiduría, por lo que decidió retar a esta para dilucidar cuál de las dos era la mejor tejedora de tapices.

Atenea acepta su reto y comienza el concurso, durante el cual la diosa representó a los dioses en todo su esplendor y Aracne,

en un arranque de orgullo, los representó como portadores de grandes defectos.

Cuando Palas Atenea vio el trabajo de la mortal Aracne insultando a los dioses la increpó y esta sintió miedo ante la ira de la diosa e intentó suicidarse. Palas se apiada de ella y le concede la vida, pero para castigarla transforma su cuerpo en el de una araña y la condena a tejer hasta el final de los tiempos.



Obra I- Diego Velázquez. (1657)

El rapto de Europa (Tiziano)



B.- El cuadro:

En el primer plano de esta obra la mujer que maneja la rueca representa a la diosa Palas como una anciana, pero con una pierna de aspecto juvenil que identifica a una joven diosa camuflada para observar la forma de tejer de Aracne sin ser reconocida. En su alzada mano izquierda porta un huso con un vellón de lana.

En el centro, entre Palas y Aracne, otra mujer ataviada con una falda de color rojo.

Entre Palas y la mujer del centro, a los pies de ambas, un gato.

Más a nuestra derecha, de espaldas, una joven mujer manejando los hilos para tejer, representa a la mortal Aracne.

En el segundo plano vemos tres mujeres con indumentarias cortesanas representando a las ninfas.

Más al fondo Palas Atenea, con un casco en su cabeza y portando una lanza, que parece discutir con Aracne.

Por fin, en el último plano un hermoso tapiz representando el rapto de Europa, tema que fue pintado por Tiziano y más tarde copiado por Rubens. Con esta representación Velázquez quiere transmitir que el pintor es algo más que un trabajador manual y que, de igual forma que una mortal pudo competir con una diosa, el artista puede hacerlo a través del arte, representado en el tapiz. Es decir: el arte dentro del arte.

Obra II: Eugenio Lucas Velázquez

La obra de Eugenio Lucas Velázquez⁽¹⁾ representa la escena de la visita de los reyes a la Real Fábrica

de Tapices, con las trabajadoras en primer plano. Esta obra es considerada como costumbrista y no mitológica como la de Diego Velázquez. Debe tenerse en cuenta que durante la primera mitad del siglo XIX el Realismo en la pintura surge con tal fuerza que dominaría la segunda mitad de este siglo. El mundo cotidiano fue su fuente de inspiración distanciándose de temas mitológicos.

La disposición de los personajes avala la consideración de obra costumbrista:

En el primer plano aparece la anciana que maneja la rueca, cuya pierna está cubierta, ya que el personaje no representa a la diosa Atenea y en su mano izquierda, sobre el regazo, porta un ovillo.

La mujer del centro luce una falda de color oscuro.

Entre la anciana y la mujer del centro, a los pies de ambas, un cántaro, en el lugar del gato de la obra I.

Más a la derecha, de espaldas, una joven tejedora, que en este caso no representa a la mitológica Aracne.

En el segundo plano los reyes Felipe IV y Mariana de Austria, en el centro, observan el trabajo de las tejedoras, combinándose la escenografía con una parte de las Meninas de Diego Velázquez.

A su alrededor tres mujeres ataviadas con ropajes cortesanos admirando y comentando el tapiz.

A los pies de los reyes un perro, mascota que habitualmente acompañaba a los reyes.

Obra II- Eugenio Lucas Velázquez



(1) Eugenio Lucas Velázquez (1817-1870)

Pintor español nacido en Madrid, muy difícil de clasificar debido a su gran versatilidad, aunque generalmente se denomina su pintura como romántica y a veces como realista. (El realismo surgió en la primera mitad del siglo XIX).

Una de las características por la que es más conocido es por la interpretación del estilo del arte de Francisco de Goya, de tal forma que algunas de sus obras llegaron a venderse como si fuesen auténticos “Goyas”. Fue, además, un extraordinario acuarelista. También utilizó el estilo Velazqueño ahondando en su lenguaje en otras de sus obras, tal como vemos en sus hilanderas de Pontevedra.

En esta obra, E. Lucas Velázquez no recrea un tema mitológico sino una un tema costumbrista, realista. Para ello elimina todas las referencias a la fábula de la competencia entre Palas Atenea (Minerva) y Aracne.

José Lázaro Galdiano compró obras de este artista reuniendo una importante colección que actualmente

está expuesta en su museo madrileño. Además expuso sus obras en distintas salas de exposiciones europeas y en Nueva York, despertando la curiosidad internacional sobre este pintor y su relación artística con Goya y Diego Velázquez.

(2) El rapto y violación de Europa

Es una obra del pintor Tiziano entre 1560 y 1562. En ella se muestra el relato mitológico del rapto de Europa perpetrado por Zeus (Júpiter), padre de Palas Atenea (Minerva), convirtiéndose en un toro blanco, falsamente manso, para incitar a Europa a subir en su lomo y a continuación lanzarse al mar y trasladar a Europa a la isla de Creta, teniendo tres hijos con ella.

Más tarde (1628-1629) esta escena es copiada por otro gran artista, Pedro Pablo Rubens-

Fuentes:

—Catálogo del museo Lázaro Galdiano.


—Eugenio Lucas Velázquez en La Habana. Francisco Calvo Serraller.

—Sección de pintura del museo de Pontevedra.

—La obra pictórica completa de Velázquez-Clásicos del Arte-Noguer-Rizzoli Editores, introducción de Miguel Ángel Asturias. Biografía y estudios críticos de P.M. Bardi.



LICÁNTROPO, SACAÚNTOS, INTERSEXUAL: ROMASANTA



Esta é unha historia que se podería definir co pretencioso termo SERENDIPIA que se define como os descubrimentos de feitos, persoas, ou de calquera outra natureza, que se producen de forma casual ou accidental. Outros vocábulos máis vulgares serían chiripa, carambola... E iso foi o que me levou ao descubrimento do verdadeiro e histórico home lobo, da súa historia e fatais andanzas.

Mais, aínda que a definición que aporta a RAG do vocábulo INTERFERENCIAS non se axusta ao que pretendo relatar, farei que se refira a esta historia.

Considero INTERFERENCIAS ao conxunto de acontecementos que van marcando a vida das persoas e que se cruzan con outros feitos, vivencias ou persoas sen aparente conexión e que, ao final, configuran un relato que era impensable nun principio. Estas son:

I.- INTERFERENCIAS

Alá polo ano 1970 exercía como profesor da asignatura de “*Prácticas de la Enseñanza*”, na Escola Normal de Maxisterio de Ourense, don Alfredo Cid Rumbao. Boa persoa, gran pedagogo e profesor cercano, tamén era o director do Colexio Nacional de Prácticas e organizaba as prácticas que os alumnos de maxisterio debían realizar na escola anexa.

Don Alfredo aínda era moito máis, tamén exercía de cronista oficial da Vila e Corte de Allariz (a súa vila natal), cronista oficial de Ourense substituindo a Otero Pedrayo trala súa morte, membro da Real Academia Galega, investigador e documentalista, autor de varios libros, Cruz de Alfonso X O Sabio polos seus méritos pedagóxicos...

Na aula, era moi fácil provocar a don Alfredo para que saíse dos programas e contidos propios da materia

que impartía, e nos falase, aos alumnos, das historias que investigaba ou de anécdotas de todo tipo.

Sempre seguía o mesmo ritual: levantarse do seu sillón, sentarse no pico da mesa de profesor, acomodarse cun xesto que, por pudor, non debo describir neste artigo, e comezar a contar. Aquel día falou dun xuízo que acontecera en Allariz alá pola metade do S. XIX, no que participara o seu bisavó en calidade de médico que debía recoñecer o estado intelectual e posible deterioro do entendemento do reo, que era, un home chamado Manuel Blanco Romasanta, autor de crimes horrendos e considerado un home lobo.

E engadiu que, segundo se contaba, este personaxe parecía un bo home... iso si, algo afeminado xa que facía calceta mentres permaneceu no cárcere de Allariz.

Esta foi a primeira vez que escoitei o nome de Romasanta e algúns aspectos das súas andanzas.

Algúns anos despois chega ás miñas mans, en forma de obríña literaria, o discurso que pronunciara Vicente Martínez Risco o 23 de febreiro de 1929, non seu ingreso na Real Academia Galega, e que tiña como título *Un caso de lycantropía (O home-lobo)*.

Agora si, xa hai máis información sobre Romasanta, as súas sanguentas andanzas e o fenómeno do home lobo/ sacaúntos tratado de maneira profunda etnográfica e cientificamente.

Pero aínda estaban por acontecer feitos que ían completar esta serie de coincidencias que teño denominadas como interferencias.

En decembro de 1977 (non recordo a data exacta) aparece unha curiosa nova no diario ourensán *La*

Región, na que se conta que o cura dunha aldea de nome totalmente descoñecido para min, farto de que os nenos pequenos do lugar levasen varios meses sen escolarizar pola falta de mestre, meteu aos rapaces no vello Land Rover Santana, de propiedade episcopal, levounos ata a delegación provincial de Educación de Ourense e deixounos nas oficinas deste organismo, coa mensaxe de voltar a recollelos cando lle comunicaran que as autoridades educativas enviarían á persoa que debería exercer o ensino na súa aldea.

O día 10 de xaneiro de 1978 rematan as miñas obrigas “*para con la patria*” e, acudo á Delegación de Educación de Ourense para comunicar a dispoñibilidade para incorporarme, de novo, a un destino no que exercer o meu oficio de mestre.

O propio Sr. Delegado, nese intre o cura don *Manuel Pérez Barreiro* (fillo do capador de O Mazo e amigo da miña familia), ofréceme o destino no que, segundo as súas palabras, “... *vas ser feliz e poderás desenvolver un gran labor pedagógico e social...*” e días despois chego ao lugar de onde procedían aqueles rapaces que o cura que agora tiña nome, don Agapito, levava no vello Land Rover episcopal ata o organismo educativo de Ourense (neses momentos xa non tiña o Land Rover porque llo quitara o bispo por facer co vehículo actividades revolucionarias).

E aparece no diario *La Región* de 9 de febreiro de 1978 o titular “*Por fin tiene maestro la escuela de Rebordechao*” que encabeza a noticia que remata co parágrafo “...*gracias joven profesor y gracias señor delegado de Educación y Ciencia*”.



Claudio Blas

9/FEB/1978

Don Agapito Meijide, joven sacerdote de Rebordechao, acompañado de vecinos del pueblo, visitaron la delegación de Educación, siendo recibidos por el delegado señor Pérez Barreiros, quien se interesó por la problemática de la educación en el pueblo enclavado en plena sierra de San Mamed. El delegado, no solamente solucionó el problema enviando un maestro sino que también les prometió hacerles una visita cuando sus ocupaciones le dejen unas horas de descanso.

La apertura de la escuela de Rebordechao ha sido acogida con verdadera alegría. Haciéndonos eco del sentir de las buenas gentes de Rebordechao, gracias joven profesor y gracias señor delegado de Educación y Ciencia.

II.- REBORDECHAO

Esta é unha aldea que queda alá por... chegando a... Non é doado atopar Rebordechao, nin sequera aínda que o busques.



En palabras de Tonecho, protagonista do libro *Tonecho de Rebordechao*. Ed. Soltelo Blanco 2005 de Breogán Ribeiro, Rebordechao está na fin do mundo. Se o buscas no mapa de Galicia, aparece nun oco que hai na provincia de Ourense, pola Serra de San Mamede. Aparece como un espazo baleiro, sen estradas nin aldeas. Pódese ver unha liña estreita que se atreve a subir pola serra; é unha pista cativiña que morre en Rebordechao, pola que apenas poden cruzarse dous coches.

Esta aldea, ademais de estar habitada por boas xentes, tiña algo máis, unha fabulosa historia: era o lugar onde se asentara o moinante Manuel Blanco Romasanta. E de onde procedían a maior parte das vítimas deste licántropo, home lobo, sacaúntos!!! Protagonistas todos daquela historia que nos contara Don Alfredo e que pechaba o círculo vital das interferencias.

Mais en Rebordechao pouco se falaba da terrible historia que acontecera alá polos anos 40 e 50 do século XIX. Os contos do home lobo e sacaúntos non eran do agrado dos veciños, e producían arrepíos nesas xentes.

O xa nomeado Tonecho, na obra de Breogán Ribeiro, narra un episodio moi significativo: cando o seu avó está muxindo as vacas, preguntalle por algo que escoitou na aldea referido a un home lobo. En canto escoitan este nome ata as vacas arrepían. *A Pantoja* comezou a bater no chan coas patas, alporizada, e a *Lunfarda* (de seu máis mansa) botoulle unha ollada nerviosa e deixou de dar leite.

O avó, aínda que lle di que os asuntos do home lobo son contos de vellos, explícalle que foi un moinante que viviu, máis dun século atrás, nesa aldea. Era un asasino, un delincuente, di.

Pero Manuel Blanco Romasanta foi algo máis ca iso...

III.- ROMASANTA

Como corresponde cada vez que se investiga a unha persoa protagonista de lendas populares, aínda que sexan personaxes reais e con historias certas, aparecen moitas contradicións respecto da súa orixe e características físicas e vitais.

O escritor Alfredo Conde, alaricano igual que don Alfredo, fai que Romasanta nos fale na súa obra *Romasanta. Memorias incertas do home lobo*. Ed. Galaxia 2004. E dános unha versión moi contrastada por outros investigadores:

“Chámome Manuel Blanco Romasanta, nacín en Regueiro, aldea da parroquia de Santa Olaia, preto de Esgos, na provincia de Ourense, en 1810. Os meus paisanos aínda me coñecen como *O Tendeiro*, pero hei pasar á historia como *O Home Lobo*. E as xentes máis vulgares e simples, e acaso as máis atinadas, han seguir chamándome o home do unto e tamén o saca manteigas” .

Outros historiadores fan que naza no ano 1808 e, a omnipresente nas nosas vidas, a Wikipedia sitúa o seu nacemento no 18 de novembro de 1809.

Co aspecto físico de Romasanta ocorre algo parecido. Pode ser descrito, xa de adulto, como un home moi pequeno, duns 137 cm, dun 1,50 m e ata de 1,65 m de altura. Cara ancha e con barba espesa, dentes moi afiados, ollos verdes case fosforescentes, mans rudas ou mans finas e delicadas... e segundo Vicente M. Risco “era falangeiro de ollar doce, xeitoso e agudo”. E ata hai quen di que naceu como Manuela Blanco Romasanta e foi muller ata os oito anos, é dicir, que era intersexual (con ovarios e útero pero con xenitais externos de aspecto masculino). Algúns autores inciden en que amosaba xestos afeminados. E tamén din... tantas cousas!

No que investigadores e cronistas coinciden é en que gañaba a vida como moinante percorrendo as terras do noroeste peninsular, dende Asturias ata o norte de Portugal. Mercaba panos, teas e outros productos no maragato Val de San Lourenzo, en saldos, feiras e mercados que facía a xente nas cidades e, sobre todo, no establecemento “Vallina y Compañía” de Astorga. E logo vendíaos ao longo das vilas e aldeas de Galicia.

Cara o ano 1843, Manuel estableceuse en Rebordechao onde gañara o aprecio das xentes desta aldea grazas ao seu comportamento amable e servizal. E dende este lugar segue a súa actividade comercial.

IV – ACTIVIDADE CRIMINAL

Cando se establece en Rebordechao, Romasanta xa traía un pasado sospeitoso, aínda que el nunca recoñeceu autoría algunha dos feitos concretos.

Alá polo 1837 emprendeu a rota comercial cara a Portugal e Castela acompañado por Manuel Ferreiro, pero este nunca regresou á súa vila.

Anos despois, en 1843, o alguacil de León Vicente Fernández acercouse a terras de Manzaneda para reclamarlle a Romasanta o pago dunha débeda. E catro días despois aparece o cadáver do leonés e o noso protagonista amosando o recibo que declaraba a débeda saldada. Por este feito foiulgado en rebeldía e condenado a 10 anos de cadea.

Si aceptou e declarou a autoría noutros moitos crimes.

MANUELA E PETRONILA (Petra).

Manuela García Blanco, cuarentona e divorciada, nai da adolescente Petronila, sobrevivían en Rebordechao. Manuel Blanco Romasanta flirteaba con Manuela e trataba de convencela do beneficosa que sería para as dúas mulleres buscar un destino fóra da aldea, no que poderían mellorar as súas vidas.

A proposta de Romasanta consistía en ofrecerse a acompañalas a Santander onde lles conseguiría un emprego de criadas, mellor se era ao servizo dun cura, e así nai e filla terían o futuro resolto. Manuela vendeu todo o que tiña, unhas vacas e algúns cacharros, na feira de Sarreaus. E comunicoulle a Manuel que xa estaba preparada para ir a Cantabria.

Despois das despedidas de rigor e as promesas de escribir cartas para dar noticias das novas vivencias naquelas terras, Manuela, filla e moinante, ao clarear o día polas montañas que rodean Rebordechao, comezaron a viaxe a través da serra de San Mamede.

Camiñaron ata adentrarse no espeso bosque de acivros chamado da Redondela, onde Romasanta, el di que transformado en lobo, atacou a Manuela. Ouveando como se fose un lobo salvaxe, mordeuna no pescozo e logo seguiu atacando, desgarrando carnes , cortando veas, arrincando nervios.... E, sen descanso, lanzouse sobre a hipnotizada Petra esnaquizando o seu corpo en segundos.

Romasanta agachou os seus corpos, non sen antes facerse coa faltriqueira dos cartos, roupas e todo o que considerou que lle podería sacar un beneficio.

E rematada a súa obra...

Seguirá no próximo número da revista...

Pepe Fernández López



Praza Alonso de Fonseca

MARIA CASARES. A SOIDADE DO NOVO COMEZO

(continuación)

3.- A separación e o desprezo:

Debe sertido en conta que cando as relacións entre Albert Camus e María Casares se reafirman no ano 1947, empezan a manifestarse as primeiras fisuras entre Sartre-Beauvoir e Camus-Casares pola maneira de ver os acontecementos violentos que se producen despois da fin da Segunda Guerra Mundial.

É sintomático para interpretar este feito atender en paralelo a dúas pezas significativas dos dous autores da mesma época: *Les Mains Sales* que Sartre escribe en 1948 e *Les Justes* que Camus data no ano 1949.

Les Mains Sales estréase o dous de abril de 1948 no teatro Antoine e a trama emprázase en 1943 nun país imaxinario da Europa do leste. Dentro dun partido revolucionario da resistencia, un intelectual burgués, que interpreta François PERIER, acepta asasinar a un dos seus xefes acusados de disidencia para desta maneira poder subir na xerarxía do partido. Ao final da guerra, cae na conta que a nova política preconizada polo partido

é a que defendía o seu xefe morto. Moralidade para Sartre, o ideal marxista debe evitar estar condicionado por criterios de pura eficacia.

Les Justes represéntase en réplica ás *Mains Sales* o 15 de decembro do 1949 no teatro Hébertot con María CASARES, Michel BOUQUET et Serge REGGIANI nos papeis principais. A escena sitúase en Moscú, 1905, onde un grupo revolucionario decide asasinar o Gran Duque que tiraniza a cidade. Cando o mais exaltado do grupo, encargado de lanzar a bomba, descobre que perto están unha muller e dous nenos, pospón a operación para unha segunda volta, matando o tirano, mais caendo prisioneiro. Prométenlle salvalo se descobre os seus compañeiros, mais el grita que cumpriu unha obra de xustiza canado o levan o cadalso. Moralidade para Camus, contra a inxustiza do mundo debe oporse o humanismo e a ética da responsabilidade.

Pouco a pouco Jean Paul Sartre e Simone de Beauvoir arman a súa batería do café Flore e de Saint- Germain -de -Près



e póñense en garda contra todo o que prexudique o comunismo e o seu modelo soviético estaliniano malia xa saberen que é totalitario e cruel. As tesis humanistas e antitotalitarias de Camus-Casares están próximas das de Hannah Arendt quen xa tiña elaborado o seu estudo sobre *As Oríxenes do Totalitarismo* que so publicará en 1951, ano no que se converte en cidadana americana deixando de ser apátrida, estatus que tiña dende que o réxime nazi no 1937 lle retirara a súa nacionalidade alemá. O seu pensamento no entrará en Francia até anos despois da morte de Sartre en 1980.

A primeira pista de desavianza entre as dúas figuras maiores da intelectualidade francesa do século XX estala cando Maurice Merleau-Ponty criticou na publicación "*Temps Modernes*", dirixida por Sartre, as opinións de Camus contra as atrocidades que se cometían con ocasión das deportacións aos Goulags soviéticos. Con esta denuncia deixábase sin forza a insistencia no modelo soviético que os sartrianos usaban para criticar o goberno francés.

A influencia do tanden Sartre-Beauvoir era temible porque el presentabase como o intelectual de orixe burgués que xa elaborara unha importante obra abstracta dentro da ontoloxía de Heidegger (*L'Être et le néant*, 1943), e ela era xa unha figura no movemento feminista, sobre todo despois da publicación do *Deuxième Sexe* (1949).

O tanden Camus-Casares polas súas orixes e estatus, el pied noir alxerino de nai balear, e ela refuxiada en Francia e nacida na Galiza, non parecería que deberían consolidar unha relación estable con contorno comunista Sartre-Beauvoir.

A situación estala cando María Casares xa ten unha praza consolidada na escena francesa e Albert Camus

publica "*L'Homme Révolté*" (1951). Camus declara que "*je n'ai pas appris la liberté dans Marx. Il est vrai: je l'ai apprise dans la misère (Actuelles 1)*". É verdade que as orixes de María Casares non son estas, como confesa nos primeiros capítulos do seu *Résidente privilégié*, mais coincide con Albert Camus cando este di "*j'ai grandi dans la mer et la pauvreté n'a été fastueuse. Puis j'ai perdu la mer, tous les luxes alors m'ont paru gris, la misère intolérable*".

Todo isto podería esconder unha carga contra a ideoloxía dominante que controlaba o PCF, e ocorre que os comunistas chegan a presionar Sartre para que interveña contra Camus, tanto no mundo do teatro como no mundo editorial. Mais Sartre limitase a facerlle saber a Camus que está comprometendo a súa amizade, e promove entón que Francis Jeanson, filósofo, publique na revista de Sartre *Les Temps Modernes* un artigo inxurioso contra o libro e o seu autor. Camus remítelle a Sartre unha carta (*Lettre au Directeur des Temps Modernes*) na que entre outras lindezas lle di que estan fóra da historia, o que Sartre responde que "a amizade pode tamén chegar a ser autoritaria". Estas cartas, que confirman a ruptura entre as dúas afamadas parellas, foron publicadas no número do 30 de xuño de 1952 dos *Temps Modernes*.

Si existía algo que non aturaban Camus e Casares é o desprezo (*trop orgueilleuse par nature, je n'ai jamais pu supporter le sentiment de mépris Rp 282*), e o antídoto contra o desprezo era para os dous non corresponderen as mans tendidas polos que te teñen ofendido.

O encontro entre Camus e Casares establécese, pois, nun período de pasións tristes: a vida parisiña fría e falsa, a descuberta das superficialidades e mediocridades da tribo de Saint-Germain-de-Près na ocupación de Francia polos nazis... Cando en xuño de 1948 María Casares retoma a súa relación con Albert Camus, con quen xa tinha vivido o primeiro episodio do seu fundamental encontro persoal en xuño de 1944, con ocasión da peza *Le Malentendu*, na que María fai o personaxe de Martha, como xa dixemos, a esperanza de refacer as antigas fraternidades da Resistencia, no caso de Albert, e das solidaridades republicanas, no de María, esfúmanse. O totalitarismo nacional-socialista, contra o que antes tanto loitaron, atopábase reemplazado polo totalitarismo de Stalin, e os campos daquel viñan sendo o mesmo que os campos (goulag) de este. Constatan que o fascismo de antes da guerra non foi erradicado a pesar do sacrificio



de millóns de homes. O Xeneral Franco preside os destinos de España, baleirada do seu sangue libertario e republicano, e Alxeria e un baño de sangue de irmans que se degolan mutuamente.

Camus e Casares non son, malia isto, persoas resentidas, son mais ben persoas fieis. O resentimento é un sentimento noitebrego e tanatófilo, que eles non profesan. A fidelidade é dionosíaca. Dionisio é con Apolo o inventor do teatro. Así e todo sempre tiñan en contra o menosprezo do grupo de Sartre, que dominaba a intelixencia parisiña, o que Camus optou por non engadir mais pólvora, a pesar de que na casa Camus movíase como un touro ferido, en palabras de María Casares a Octavio Paz.

Cada un dos dous filósofos construíron unha obra teatral paralela e similar na que se denuncia o arbitrario das normas e dos valores, pretendendo fundar unha moral sen moralismo. Si comparten unha mitoloxía teatral común, Sartre pretende unha función catártica, mentres Camus privilexia unha intención didáctica. “*L’Homme révolté*” denuncia o terror revolucionario, preferindo a revolta moral. Sartre-Beauvoir acúsano de ser un impedimento a revolución, mais Camus-Casares soio pretenden desmitificar a utopía comunista, para promocionar a revolta libertaria que socialmente so dará os seus froitos despois do maio 68.

4.- A atomización e o Suicidio:

Definitivamente, nunha beirarrúa do boulevard Saint-Germain, o 6 de xuño do 1948, aniversario do desembarco das tropas aliadas en Normandía, María e Albert atópanse por casualidade é xa nunca máis se van separar. *Le coup de dés jamais n’abolira le hasard* diría Mallarmé... Ela iba en dirección o teatro, él a casa de Gide (Rp 325).

Meses antes, María Casares participa xunto con Roger Blin e Paule Thévenin nunha creación radiofónica de Antonin Artaud “*Pour en finir avec le jugement de dieu*”, que foi rexistrada nos estudos da radio francesa entre o 22 e o 29 de novembro do 1947, pero que non puido saír nas ondas o 2 de febreiro de 1948 porque o director do ORTF (Office de radiodiffusion télévision française) decidiu censurar a difusión por ser un texto virulento e subversivo que non puido estrearse ate o 1974.

Artaud morreu ese mesmo ano 1948 moi decepcionado por esta circunstancia que pechaba unha etapa de 9 anos durante os que permaneceu internado en hospitais psiquiátricos “tratado” cos *electroshocks* da época.

Novamente Albert Camus e María Casares coinciden no momento da aparición de *La Peste*, que incide na peste franquista e que ten relación cos intereses de Antonín Artaud, que pretendía con Barrault adaptar *Journal de l’année* de la Peste de Daniel Defoe.

A memoria de Artaud foi restablecida, so despois do maio 68, pola vanguardia Post-Estructuralista: Jacques Derrida, Gilles Deleuze, Julia Kristeva, Paule Thévenin aprecian en Artaud o teatro da crueldade, o corpo sen órganos, a psicose como posta en solfa do sentido normativo, a oposición aos centros psiquiátricos etc.

Entre *Le Malentendu* 1944 e *La Peste* 1948, Camus vive en proximidade de Francine e de tal relación van nacer dous xemelgos Catherine e Jean.

A partir de aquí e a pesar da natureza caduca do seu matrimonio, Camus merca en Lourmarin (Provence), cos cartos que recibe de *La Peste* e a través do seu amigo René Char, unha casa para a súa muller e os seus dous fillos.

Camus tornado para o Mediterráneo de Alxer e Casares para o Atlántico de Bastiagueiro, Camaret e Lacanau, él para *Lourmarin* (Provence) e ela para *La Vergne* (Charente) Tratábase de evitar o París agora asfixiante.



Sartre reprochalle a Camus que fose con Francine a recoller o Nobel de Literatura en 1957. Camus contesta que Francine merecía unha homenaxe polo tempo que viviran xuntos, mais Camus estimou sempre que quen o merecía o premio mais ca el era André Malraux.

Françine Faure era xusto que fose a *Stockholm* e para Camus supoñía un antídoto contra as tendencias de suicidio que nela afloraban a miúdo, e que facían pensar que: “*Il n’y a qu’un problème philosophique vraiment sérieux: c’est le suicide. Juger que la vie vaut ou ne vaut pas la peine d’être vecue, c’est répondre à la question fondamentale de la philosophie*” (Camus: *Le mythe de Sisyphe, essai sur l’absurde*).

A noción do absurdo eixa o universo dramaturxico e novelesco de Camus e aparece nos seus ensaios teóricos, non so no ciclo da negación, senón tamén no consagrado á revolta.

O donxoanismo constitue unha das modalidades da vida absurda, mais Camus, *seducteur* e casado, séntese culpable da caída que Françine sufriu e pon en relación coa depresión nerviosa da súa muller causada pola súa libertinaxe. A caída de Françine foi sentida polos seus como unha tentativa de suicidio desta pola relación pública do seu marido con María Casares. *La Chute* (1955) xira arredor desta culpabilidade. É para fecerse perdoar que parte con Françine a entrega do premio Nobel de Literatura. “*Françine a été à la peine, il est normal qu’elle soit à l’honneur*”. Mais María Casares estaba presente no importante discurso de Suecia, sobre “*un art de vivre par temps de catastrophe*”, ela era a súa musa.

A relación entre Albert Camus e María Casares durou hasta a morte do escritor o 4 de xaneiro de 1960, nun accidente de coche xunto con Michel Gallimard. A morte de Camus bouleverse María Casares, o seu entorno, producindo un achegamento entre a filosofía da liberdade de Camus e a política antitotalitaria de Sartre, mais o Barrio Latino até maio de 68 segue encumiando J.P. Sartre. “*On a, tout de même, raison d’avoir tort avec Sartre plutôt que raison avec Camus*” (Bernard-Henry Lévy, *Le Siècle de Sartre*).

Nos anos 60, os textos mais lidos polos estudantes nas facultades de Políticas tanto en París como en Berkeley, nesa época de contestación, eran “*On Revolution*” de Hannah Arendt (1963) e “*L’Homme Révolté*” de Albert Camus. O absurdo de Camus equivale asemella a desolación de Arendt entendida como a soidade do home que o sistema totalitario desenraiza, privao de solo, polo que consegue individuos atomizados de obediencia debida dende as masas até a cúspide da xerarquía (a banalidade do mal).



E preciso voltar a ler *Résidente privilégiée* con a guía do que Julia Kristeva atopa en Hannah Arendt sobre cómo vivir cos outros, sin repulsalos ou absorbelos. *France, ma souffrance*. Si todo estranxeiro e un traductor, María Casares mellor que ninguén interpretou o universo sensible da súa identidade dentro de unha Francia, en principio hostil, conseguindo ser capaz de se recoñecer como estranxeira, dentro dela mesma (Julia Kristeva, *Etrangers à nous-mêmes*). Por iso a desaparición de Albert Camus supuxo o novo comezo para ela. Despois de ter traballado cos dramaturgos e os autores máis importantes e con os directores mais reputados, e xa con corenta anos, María Casares escollerá aproximarse os talentos emerxentes que aparecen na Francia goliata e estruturalista dos anos 60, e polo seu compromiso político, a súa revolta a levará a enfrontarse dende os escenarios do Teatro Odeón ou no Festival de Avignon contra os que pretenden boicotear representacións que denuncian o anticolonialismo, seguindo a defensa do pensamento camusiano que nos anos 70 renace no prestixio que lle correspondía e que o clan sartriano inútilmente tanto bloqueara.

Francisco Ramil Acebo



OS IRMANDIÑOS: CANDO OS PARDAIS CORRÍAN DETRÁS DOS FALCÓNS

Os Irmandiños protagonizaron a revolta social europea máis importante do século XV. A rebelión Irmandiña consistiu nun levantamento das clases populares galegas, impulsado polas cidades, contra os señores feudais da época e os seus abusos e atropelos.

Os primeiros alzamentos, como a Revolta Fusquenlla de 1431 liderada polo mítico Roi Xordo, tiveron unha repercusión máis local. Pero anos despois deuse un novo levantamento que esta vez estendeuse por todo o territorio: a Gran Rebelión Irmandiña.

O pobo galego, liderado polos Irmandiños, tomouna contra as fortalezas dos nobres, derrubando moitas delas. Os Irmandiños obrigaron a fuxir aos señores feudais e lograron o autogoberno entre os anos 1467 e 1469.

Quen eran os Irmandiños?

Os Irmandiños eran membros de irmandades. As distintas irmandades agrupáronse na Santa Irmandade do Reino de Galicia. En esencia, tratábase dunha organización de defensa e protección constituída polos propios veciños.

A constitución destas Irmandades, e os posteriores alzamentos contra os nobres, partiron das cidades. As irmandades foron autorizadas polo rei de Castela para minguar o poder dos nobres galegos, contrarios a el. As cidades preferían non depender dos señores feudais.

Entre os membros dos Irmandiños había campesiños, burgueses, mercadores, clérigos, artesáns, pescadores, fidalgos, etc. Nalgúns casos ata nobreza e clero moi menores.

Non se tratou, por tanto, dun movemento exclusivo de campesiños. Aínda que é verdade que a unión destes ás protestas foi crucial para alcanzar unha masa crítica.


Primeira Revolta Irmandiña (1431-1435)

Antes da gran revolta do 1467-1469, houbo outros conatos de rebelión máis modestos. En 1431 os vasallos xa se organizaron en base a Irmandades. Sobre todo, dedicábanse a protexer os camiños do bandolerismo, cousa que os señores feudais habían deixado de facer.

